



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A “FUNDACIÓN MENIÑOS” PARA A
EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE “INTEGRACIÓN FAMILIAR”. ANO 2017**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños a través do cal se tomen iniciativas que conduzan á integración social e familiar dos menores en situación de risco ou desamparo nun ámbito social e familiar normalizado, encadrándose neste marco o obxecto do presente convenio a través do Programa de Integración Familiar a desenvolverse nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega, e que terá como obxectivos:

- A atención e tratamento a nenos/as e familias nas que se dean situacións de maltrato que fagan recomendable a separación do neno/a do seu núcleo familiar. O obxectivo do programa será a incorporación do neno/a á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar.*
- Diseñar, en coordinación cos Servizos Sociais municipais de atención primaria e despois de derivación do Equipo Técnico do Menor, a intervención dun nivel especializado coas familias con nenos/as en situación de risco, ou maltrato, nos que non se faga recomendable a separación do menor do seu entorno familiar*





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Programa de Integración Familiar promove e potencia a adecuada atención e protección á infancia e á adolescencia por parte das súas familias, a través dunha intervención integral e especializada no propio contexto da familia afectada, estimulando capacidades, corrixindo déficits, promovendo cambios e reparando danos.

O programa que se desenvolva irá orientado a dar cumprimento aos obxectivos previstos, en tres áreas concretas:

- **PRESERVACIÓN FAMILIAR:** *dirixida a aquelas familias nas que se detecta unha situación de risco de desprotección, a través dun traballo de potenciación dos seus recursos e promoción de cambios na súa dinámica familiar, que eviten a separación do neno ou nena do núcleo familiar.*
- **REUNIFICACIÓN FAMILIAR:** *dirixida a aquelas familias nas que a situación de desprotección xa provocou a separación do neno ou nena e o seu ingreso temporal nun centro de protección ou nun acollemento familiar temporal, a través dunha intervención familiar intensiva que corrixa os factores de risco e déficits atopados, estimule procesos de cambio e proporcione estratexias e habilidades que permitan a rápida reunificación familiar, a volta dos nenos e nenas á súa contorna familiar.*
- **FUNCIONALIDADE FAMILIAR:** *que supón un traballo intensivo previo á intervención familiar propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixida a familias nas que se advirte un grave deterioro familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos de intervención, para que a familia poida romper a dinámica de deterioro profundo e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.*





O convenio de colaboración como fórmula comercial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrencia pública”.

O convenio de colaboración realízase con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017 poidendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anos naturais sucesivos, ata completar no seu caso unha vixencia máxima de 4 anos.

A Consellería de Política Social aboará á Fundación Meniños para a execución deste convenio 418.000,00 €. na aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.1.

A Fundación Meniños achega de 200.000,00 € procedentes da concesión da subvención percibida con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O orzamento total do programa é de 618.000,00 €.

Tendo en conta que o importe da subvención é superior a 150.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio será aproximadamente de 350 menores e 200 familias.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

